IES RÍO MIÑO
R/ Rosalía de Castro, s/n
27370 Rábade - Lugo
Tfnos. 982 870 652 - 982 870 653
https://www.iesriomino.gal
ies.riomino@edu.xunta.gal

IMPORTANTE:

O alumnado deste centro **pode solicitar as axudas para material escolar pero NON poderá solicitar** as axudas para adquirir libros de texto **NIN** participar no Fondo Solidario porque o centro está adherido ao programa **E-Dixgal en TODOS os cursos da ESO.**

INFORMACIÓN AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2024/25

Orde do 7 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio de 2024) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso académico 2024/25.

Prazo de solicitude: do 21/05/2024 ao 21/06/2024 ambos incluídos.

1- As solicitudes poderán presentarse de xeito presencial no centro docente e tamén, preferiblemente, por vía electrónica segundo o establecido na orde (https://sede.xunta.gal, formulario normalizado ED330B-anexos I e II).
2- Presentarase unha **ÚNICA** solicitude para todos os fillos (ou tutelados) admitidos no mesmo centro para o curso 2024/25, agás que se faga por vía electrónica, xa que entón deberá presentarse unha por cada fillo/a.
3- O alumnado que repita 4º de ESO ou aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2024/25 e se matricule na ESO, poderá presentar a solicitude no prazo dun mes dende o día seguinte á formalización da matrícula.

Documentación (debe estar en vigor e acreditar a situación a 31/12/2022)

1- **Anexo II** e **Anexo II- continuación** (incluídos no impreso de solicitude, **páxinas 3 e 4**). Estes **dous cadros** deberán ser **ASINADOS POR TODOS OS MEMBROS COMPUTABLES** da unidade familiar (se son menores asinarán os pais ou os titores).
2- Libro de familia onde figuren todos os membros computables. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais, a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador.
3- Se na solicitude se indica algunha situación distinta (discapacidade, tutela, violencia de xénero, ...) deberase achegar a documentación xustificativa.

IES RÍO MIÑO
R/ Rosalía de Castro, s/n
27370 Rábade - Lugo
Tfnos. 982 870 652 - 982 870 653
https://www.iesriomino.gal
ies.riomino@edu.xunta.gal

Beneficiarios:

1- Axudas para material escolar:
   - Para o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 75 €
   - Para o alumnado con renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 60 €

***Renda per cápita** = renda da unidade familiar do exercicio 2022 (sumar recadros 435 e 460)/nº membros computables (computarán por dous os membros que acrediten discapacidade). Se non se presentou declaración, computarán os datos tributarios existentes na AEAT. No caso de violencia de xénero non computarán os ingresos do agresor.

Membros computables da unidade familiar (situación a 31/12/2022)

- Os pais non separados legalmente nin divorciados, ou de ser o caso, o titor ou titores.
- Os fillos menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente.
- Os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados cando haxa custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar co persoa proxenitora do alumno, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e reúnan os requisitos anteriores.

Listas de admitidos e excluídos (publicaranse <u>única e exclusivamente</u> no taboleiro do centro)

Listas provisionais: 12 de xullo de 2024

Prazo de reclamación: 15 e 16 de xullo de 2024

Listas definitivas: 24 de xullo de 2023

Entrega de vales de material

Os vales de material entregaránselles aos alumnos o día da presentación do curso 2024/25.